

Protocolo de actuación dos procedementos de consulta e participación en materia de prevención de riscos laborais

1.- Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto do presente protocolo é definir as regras de actuación dos órganos de consulta e participación do persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia, sen prexuízo do establecido na Resolución do 29 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo sobre dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais, publicado no DOG do 20 de xaneiro de 2011.

2.- Definicións

Comité de Seguridade e Saúde: órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral.

Delegada ou Delegado de Prevención: representante dos traballadores e traballadoras con funcións específicas en materia de seguridade e saúde laboral, formando parte do Comité de Seguridade e Saúde.

3.- Regulación

A regulación dos dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde, está recollida no Capítulo V da Lei de Prevención de Riscos Laborais e na Resolución do 29 de decembro de 2010

3.1. Creación dos Comités de Seguridade e Saúde

A composición e número dos Comités de Seguridade e Saúde está establecida mediante na Resolución do 29 de decembro de 2010 ou as que a modifiquen.

Nesta resolución, crease un Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral, como máximo órgano de representación.

E ademais, crease tamén a Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación do Acordo coas competencias establecidas no mesmo acordo.

3.2. Estrutura e composición

Os Comités de Seguridade e Saúde, como órganos de representación paritaria que son, están formados por un número de representantes da Administración igual en número cos Delegados e Delegadas de Prevención.

A composición dos Comités de Seguridade e Saúde deberá ser paritaria en canto ao porcentaxe de mulleres e homes que integren os mesmos (60%-40%, indistintamente). Deste xeito, a designación tanto do persoal representante dos traballadores e traballadoras como

aquel que representa a Administración deberá ser tamén paritaria e ter en conta o número total de homes e mulleres designados para formar parte de cada comité.

As Delegadas e Delegados de Prevención elíxense en función da representación electoral. Cada central o facer a designación, terá en conta o criterio porcentual anteriormente expresado.

As persoas representantes da Administración serán designadas, en cada ámbito, pola persoa que teña atribuída a competencia nesta materia, de entre o persoal con responsabilidade na materia.

3.3. Competencias e facultades

O Comité de Seguridade e Saúde, como órgano de participación para a consulta regular e periódica sobre prevención de riscos laborais, coñecerá as cuestións relacionadas coa prevención de riscos no seu ámbito de actuación. A súas competencias e facultades veñen recollidas nos artigos 38 e 39 da lei de Prevención de Riscos Laborais.

As competencias e facultades dos Delegados de prevención veñen recollidas no artigo 36 da lei de Prevención de Riscos Laborais.

3.4. Réxime e funcionamento

Regularase polo seu propio regulamento de funcionamento interno. A estes efectos o Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral, ten elaborado un regulamento de funcionamento “tipo” para todos os comités.

O Comité de Seguridade e Saúde adoptará os acordos por consenso.

En todo caso, de cada reunión do Comité de Seguridade e Saúde levantarase unha acta que deberá comprender como mínimo os seguintes aspectos:

1. Relación de asistentes.
2. Temas debatidos.
3. Acordos adoptados
4. Rogos e preguntas.
5. Lugar e data.
6. Sinatura do secretario co visto e prace do presidente.

Semestralmente e en sesión ordinaria a Administración presentará respecto dos centros de traballo comprendidos dentro do ámbito de representación de cada Comité, un informe comprensivo da situación preventiva que conterà, al menos, os seguintes aspectos:

- a) Resultado das avaliacións de risco efectuadas.
- b) Evolución da sinistralidade e incidencia e prevalencia de accidentes laborais e enfermidades profesionais que cursen baixas.

Calquera membro terá dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, facéndose así constar na acta ou uníndose á mesma.

Poderase facer constar na acta, a manifestación contraria ao acordo adoptado, por parte dalgún dos seus membros e os motivos que a xustifiquen.

4.- Asignación de competencias

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Establécese que o Servizo de Prevención asumirá directamente o desenvolvemento das funcións sinaladas no artigo 31 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. Ao respecto deberá manter informado a cada Comité de Seguridade sobre as actuacións e evolución da planificación preventiva feita no seu ámbito de actuación a través do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral. Esta información farase efectiva mediante a remisión da memoria e programación anual do servizo de prevención.

No que respecta á consulta e participación nas avaliación de riscos dos postos de traballo e planificación da actividade preventiva pertencentes ao ámbito de cada CSS, establécese que o Servizo de Prevención deberá remitir a devandita documentación a cada centro de traballo ou departamento, para a súa consulta e participación no seo do comité correspondente.

Delegadas e Delegados de Prevención

As Delegadas e Delegados de Prevención poderán solicitar do responsable do centro de traballo o documento das avaliacións de riscos correspondentes e demais documentación preventiva.

As Delegadas e Delegados de Prevención, en representación dos traballadores e traballadoras, gozarán das garantías legalmente establecidas na Lei de Prevención de Riscos Laborais e no Regulamento dos Servizos de Prevención.

As Delegadas e Delegados de Prevención membros dos comités de seguridade e saúde terán, para o exercicio das funcións de representación específicas en materia de seguridade e saúde laboral, o crédito horario que lle corresponda en función da lei e dos acordos acadados. Non se imputará ao crédito horario, o tempo necesario para as reunións do Comité de Seguridade e Saúde e calquera outro derivado de actividades e reunións convocadas pola Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde laboral, así como o destinado ás visitas de acompañamento ao persoal técnico de prevención e Inspección de Traballo e as realizadas para ser informados dos danos producidos na saúde dun traballador como consecuencia dun accidente de traballo ou enfermidade profesional.

As Delegadas e Delegados de Prevención deberán gardar o correspondente sixilo profesional das informacións ás que tivesen acceso por mor da súa actuación.

Comités de Seguridade e Saúde

O Comité de Seguridade e saúde, como órgano establecido para o cumprimento do previsto na Lei de Prevención de Riscos Laborais en materia de participación e consulta, así como en cantas outras disposicións legais que conteñan previsións en materia de seguridade e saúde , entenderá de todas as cuestións que estean dentro das competencias outorgadas ao mesmo por ditas normas.

A dotación de recursos do Comité de Seguridade e Saúde, así como a necesaria formación dos e das súas membros, deberán ser proporcionados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.